

O crebanoces

Narrador: É noiteboa na casa de Clara. Todo cheira a canela, chocolate e menta. Os pais de Clara dan unha festa, e Fritz, seu irmán pequeno, está decorando a árbore de nadal. Clara agarda con impaciencia a que alguén moi especial chegue cos agasallos: o seu padriño, o tío Drosselmeyer, que é fabricante de xoguetes. Clara mira o reloxo e espera...

Clara: (mira o reloxo con cara de impaciente)

Narrador: un invitado espera na entrada.

Clara: (Eufórica e sorrindo) ¡Tío Drosselmeyer!

Narrador: Seu padriño troixo os agasallos para os nenos e nenas.

Clara: (retira o envoltorio dos agasallos) Son catro muñecas perfectas!

(ponas no chan e comezan a “bailar”)

Narrador: pero o tío Drosselmeyer aínda ten outro agasallo...

(Marcha)

Clara: ¡É un crebanoces de madeira coa forma dun homiño!

Narrador: Clara coloca con coidado unha améndoa entre os seus dentes e...¡crac! A cáscara pártese en dous.

Fritz: ¡Déixamo! (grita mentras mete unha noz na boca do crebanoces)

Narrador: ¡CROC! O crebanoces rompeu.

Clara: ¡¡Fritz!! (berrándolle)

Tío Drosselmeyer: tranquila, arreglareino. E agora, todos á cama.

Narrador: preocupada por deixar solo ao crebanoces, Clara non pode durmir, asíq eu baixa ao salón e pasa de puntillas xunto ao reloxo, xunto aos ratóns que viven debaixo da escaleira, xunto a árbore de nadal...

Narrador: Clara por fin chega ao lado do crebanoces, pero cando o reloxo da as doce da noite, ¡os xoguetes comezan a facerse máis e máis grandes, os ratóns tamén... e comeza unha batalla entre eles!

Narrador: O crebanoces ponse fronte aos soldados, pero os ratóns están gañando. Clara quita unha zapatilla e lánzalla ao rei dos ratóns, que cae derrotado.

Narrador: ¡o crebanoces convertiuse maxicamente nun príncipe!

Crebanoces: ao acabar co rei dos ratóns liberáchesme dunha antiga maldición, grazas Clara. ¿Como podo agradecercho? ¿Queres vir ao meu reino?

Clara: si!!

Narrador: o tío Drosselmeyer aparece nunha zorra para levalos ao fantástico reino do monte nevado.

Narrador: Clara entra nun enorme salón e séntase no trono situado no centro.

Narrador: ¡O príncipe preparou unha función moi especial para ela!

Danza rusa

Narrador: unhas cantas bailarinas e bailaríns saltan ao esceario coas súas preciosas vestimentas.

Narrador: a música é tan delicada e alegre que Clara non pode evitar poñerse a bailar, e xira e salta mentres que as bailarinas e bailaríns bailan ao son das frautas.

Danza de los mirlitones

Narrador: Cando Clara pensa que o espectáculo xa non pode ser mellor, soa un vals e un montóns de flores de azúcar comezan a balancearse ao ritmo da marabillosa música.

Vals das flores

Narrador: a última en actuar é a fada de azucre. Estivo coidando do reino dos doces en ausencia do príncipe e agora está encantada de que volvera para a casa.

Narrador: a fada de azucre dedícalle un baile moi especial a Clara, que queda pasmada mentres a fada xira e xira.

Danza da fada de azucre

Narrador: o espectáculo acabouse e é hora de volver á casa. Clara e o crebanoces súbense na máxica zorra do tío Drosselmeyer mentres o sol sae para iluminar o día de nadal.

Clara: foi unha aventura increíble! (contenta)

Narrador: a mañá de nadal, Clara esperta baixo a árbore que decora o salón da súa casa, e entre os seus brazos repousa o crebanoces, que xa volve a ser soamente un bonito xoguete.